

SE QUERES SER UN COIDADOR RESPONSABLE
QUE POIDA GARANTIR AO NOVO MEMBRO
DA FAMILIA A CALIDADE DE VIDA QUE SE MERECE,
asegúrate de que....

1

**Coñeces as implicacións
que terá na túa vida**

2

**Es consciente da responsabilidade
que supón**

3

Dispoñes de tempo e espazo

4

**Informácheste sobre as
características, carácter e vitalidade
do animal**

5

**O entusiasmo por compartir a túa vida
cun animal non é pasaxeiro.**



**A tenencia responsable é
un compromiso para toda
a vida do animal**

Pénsao!



Edita: ©Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030
2025 - Secretaría General Técnica
<https://cpage.mpr.gob.es/>
NIPO en línea: 233-25-004-X
Diseño e maquetaxe: Grupo Asis Biomedica S.L.



Vas adoptar un animal de compañía?

**Constrúe o fogar
que necesitan**

Por unha tenencia responsable



Vas adoptar un animal de compañía?

REVISA ESTES PUNTOS
PARA FACER UNHA ADOPCIÓN
RESPONSABLE



ONDE INICIAR A PROCURA



- Na maioría dos municipios do noso país hai **entidades de protección e centros públicos**, aos que podes acudir no caso de estar interesado en adoptar un animal de compañía.

Coidan animais nas súas propias instalacións ou en casas de acollida, e fan o labor do control de colonias de gatos na localidade. Ademais, asegúranse de esterilizar aos animais que coidan para evitar a proliferación descontrolada de camadas non desexadas.

- Cando adoptas un animal, estás a achegar o teu granito de area para combater a consecuencia dos abandonos na sociedade e estaslle dando a outro ser vivo a oportunidade de vivir una **vida mellor** como animal de compañía.



REQUISITOS DE ADOPCIÓN

- Gran parte das devolucións de adopcións adoitan estar causadas por **incompatibilidades** entre o animal e os novos titulares. No caso das protectoras levarán a cabo todas as comprobacións pertinentes para evitar as ditas incompatibilidades. Como titular deberás ser consciente dos requisitos esixidos mentres pasas por este proceso.
- Estas **comprobacións** poden durar varios meses, tempo prudencial para que os posibles titulares podan estar seguros da decisión de adopción.



- Debes saber que toda entidade protectora resérvase o **dereito a decidir** non entregar ou retirar o coidado do animal de compañía se o considerase necesario.



ADULTO OU CACHORRO?

- A un **cachorro** deberaslle achegar unha especial dedicación. Require de moita paciencia, tempo de socialización, estimulación e educación, para asegurarse a mellor convivencia coa familia e con outros individuos de diferentes especies. Se optas por un cachorro, asegúrate que dispoñes de tempo e enerxía suficiente.

- O carácter dun animal **adulto** adoita estar máis asentado e será máis sinxelo comprobar a súa compatibilidade coa do futuro coidador. Ten en conta que tamén necesitará paciencia, e sobre todo refuxio, seguridade, espazo propio e intimidade.
- Non dubides en consultar co teu veterinario de confianza** cal é a mellor opción para a túa familia e para o animal.